



Expediente núm.: COPAS01/2018

Resolución da Alcaldía

Procedemento: Contrato de Obras por procedemento aberto simplificado

Asunto: Contratación das obras do Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019

Data de iniciación: 2 de xullo de 2018

Resolución da Alcaldía

Á vista da memoria xustificativa da necesidade de contratación e dos seguintes antecedentes:

Expediente	Procedemento	Resolución	Data
COPAS01/2018	Procedemento aberto simplificado	Favorable	02/07/2018

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

Tipo de contrato: Contrato de obras	
Subtipo do contrato: Construción de autopistas, estradas, campos de aterraxe, vías férreas e centros dep.	
Obxecto do contrato: Mellora do camiño que une os núcleos rurais de Valderrique – A Medorra	
Procedemento de contratación: Aberto simplificado	Tipo de Tramitación: Ordinaria
Código CPV: 45233251-3. Traballos de repavimentación	
Valor estimado do contrato: 48.872,00 euros	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 48.872,00	IVE%: 10.263,12
Orzamento base de licitación IVE incluído: 59.135,12	
Duración da execución: 3 meses	Duración máxima: 3 meses

Á vista do expediente de contratación tramitado:

Documento	Data/Núm.	Observacións
Memoria explicativa	02/07/2018	Elaborada pola Alcaldía
Informe de Secretaría	02/07/2018	
Informe de Intervención	02/07/2018	
Resolución de inicio	02/07/2018	
Prego prescricións técnicas	02/07/2018	Incorporado no proxecto técnico
Prego de cláusulas administrativas	02/07/2018	
Informe de fiscalización previa	02/07/2018	De conformidade, siga a tramitación

Á vista das características e do importe do contrato óptase pola adxudicación mediante procedemento aberto simplificado.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do



Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

Resolvo

Primeiro. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, para a obra de “Mellora de camiños municipais no Concello de Montederramo”, pertencente ao P.I.M. 2018-2019, convocando a súa licitación.

Segundo. Aprobar o gasto correspondente:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe
2018	1532-619.03	29.567,56
2019	1532-619.03	29.567,56

Terceiro. Aprobar os Pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato.

Cuarto. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Quinto. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o Prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

Sexto. Proceder á designación dos membros da Mesa de contratación na forma e momento sinalados na cláusula décimo cuarta do Prego de cláusulas administrativas particulares.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE